

# Seguro Asistencia en Viaje

## Documento de información sobre o produto de seguro

**BBVA ALLIANZ SEGUROS Y REASEGUROS, S.A., con domicilio social en España  
(clave DGSFP C-0807)**

### Produto: Seguro de Viaje BBVA Allianz

A información precontractual e contractual completa do producto proporcionase noutros documentos.

#### En que consiste este tipo de seguro?

Seguro de Asistencia en Viaje destinado a garantir a asistencia sanitaria, por enfermedade sobreviva ou accidente durante o transcurso dunha viaxe ao estranxeiro, así como a prestación doutros servizos e coberturas relacionadas coa viaxe. A prestación de asistencia, gastos e/ou servizos que se especifican no apartado QUE SE ASEGURA deste documento e que se soliciten durante unha viaxe no estranxeiro, segundo a modalidade contratada, dentro da zona xeográfica cuberta e cos límites sinalados no contrato.

O produto dispón de dúas modalidades de contratación: Básica e Ampliada.

A zona xeográfica cuberta, a duración da viaxe, as persoas aseguradas e os límites de indemnización serán os que se indiquen nas Condicions Particulares do seguro.



#### Que se asegura?

##### Bloques de cobertura:

- ✓ **Asistencia médica.** Inclúe gastos médicos no estranxeiro.
- ✓ **Traslados e repatriación.** Inclúe traslado sanitario por enfermedade ou accidente e repatriación de restos mortais.
- ✓ **Equipaxe.** Inclúe busca e localización de equipaxe, perda, danos e roubo de equipaxe facturada e non facturada.
- ✓ **Interrupción da viaxe.** Inclúe regreso anticipado do asegurado por defunción ou hospitalización dun familiar e gastos de aloxamento non utilizado por interrupción da viaxe.
- ✓ **Información e asesoramento.** Inclúe orientación médica telefónica, servizo telefónico de información de viaxe e asesoramento xurídico telefónico.
- ✓ **Outras prestacións.** Inclúe prolongación de estancia en hotel por enfermedade ou accidente, desprazamento e gastos de estancia dunha persoa para acompañar ao asegurado hospitalizado, acompañamiento de menores ou persoas dependentes, transmisión de mensaxes urxentes e envío de efectivo no estranxeiro.

##### Definición de coberturas

- ✓ **Gastos médicos no estranxeiro:** cobre os honorarios, medicamentos, gastos de hospitalización e/ou de ambulancia por enfermedade sobreviva ou accidente.
- ✓ **Traslado sanitario por enfermedade ou accidente:** cando non poidas continuar a viaxe por enfermedade ou accidente e o noso servizo médico o autorice, serás trasladado a un centro hospitalario mellor equipado ou especializado preto do teu domicilio habitual.
- ✓ **Traslado de restos mortais:** en caso de defunción, realizarase o traslado dos restos mortais ata o lugar de inhumación en España, no termo municipal do teu domicilio habitual.

- ✓ **Busca e localización de equipaxe:** en caso de atraso na entrega ou a perda da equipaxe, axudarémoste a atopala. Se se localiza, enviarérmola ao teu domicilio habitual en España.
- ✓ **Perda, danos e roubo de equipaxe sen facturar:** indemnizarémoste en caso de perda, danos ou roubo da equipaxe cando non fose facturada.
- ✓ **Perda, danos e roubo de equipaxe facturada:** indemnizarémoste se a equipaxe facturada se perde definitivamente ou sofre danos graves.
- ✓ **Regreso do Asegurado por defunción dun familiar:** facilitarémosche un billete de avión ou tren ata o lugar de inhumación en España dun familiar directo.
- ✓ **Regreso do Asegurado por hospitalización dun familiar:** cando un familiar directo permaneza máis de 5 días hospitalizado, facilitarémosche un billete de avión ou tren ata o lugar de hospitalización en España.
- ✓ **Gastos de aloxamento non gozado por interrupción da viaxe:** reembolsarémosche os gastos polos días non gozados da túa viaxe por hospitalización ou falecemento dun familiar directo, por danos graves na túa residencia ou por despido (disciplinario), entre outras causas.
- ✓ **Orientación médica telefónica:** poñemos ao teu disprix un servizo de resolución de dúbidas de carácter médico que poidas ter sobre a interpretación de análises clínicas, medicamentos, etc.
- ✓ **Servizo de información ao viaxeiro:** servizo que facilita todo tipo de información turística, de formalidades administrativas, de informacións médicas, etc.
- ✓ **Asesoramento xurídico telefónico:** servizo para consultas de carácter xurídico ou legal relativo ao ámbito persoal e relativo á lexislación española.
- ✓ **Prolongación de estancia en hotel por enfermedade ou accidente:** cobre os gastos de prolongar a túa estancia no hotel cando un médico o prescriba.

# Seguro Asistencia en Víaxe

## Documento de información sobre o produto de seguro

**BBVA ALLIANZ SEGUROS Y REASEGUROS, S.A., con domicilio social en España  
(clave DGSFP C-0807)**

**Produto: Seguro de Viaje BBVA Allianz**

- ✓ **Desprazamento dunha persoa para acompañar ao asegurado hospitalizado:** se debes estar hospitalizado máis de 5 días e non te acompaña un familiar directo, cóbreñense os gastos de ida e volta dun acompañante.
- ✓ **Gastos de estancia dunha persoa para acompañar ao asegurado hospitalizado:** se debes estar hospitalizado máis de 5 días e non te acompaña ningún familiar directo, cubriranse os gastos de estancia en hotel dun acompañante.
- ✓ **Acompañamento de menores ou persoas dependentes:** se viaxas con menores de 14 anos ou persoas dependentes e enfermas ou sofres un accidente, cubrimos o desprazamento dunha persoa designada por ti ou pola túa familia, ou dunha azafata, para acompañalos no seu regreso ao seu domicilio habitual.

- ✓ **Transmisión de mensaxes urxentes:** cando non dispoñas de medios para facer chegar mensaxes urxentes, realizámolo por ti, sempre que sexan consecuencia dunha garantía cuberta.
- ✓ **Envío de efectivo no estranxeiro:** se o precisas, envíámosche diñeiro para finalizar a túa viaxe.

### Modalidades de contratación dispoñibles

- ✓ **Básica.** Inclúe os seguintes bloques de cobertura: asistencia médica, traslados e repatriación.
- ✓ **Ampliada.** Inclúe os seguintes bloques de cobertura: asistencia médica, traslados e repatriación, equipaxe, interrupción da viaxe, información e asesoramento, e outras prestacións.

### Que non está asegurado?



Resumimos as principais exclusións. Tes ao teu disprix a súa totalidade na Nota informativa e nas Condicións Xerais.

Quedan excluídos os danos, situacións, gastos e consecuencias de:

- ✗ Enfermidades, lesións ou afeccións previas ou crónicas, que sufrises con anterioridade ao inicio da viaxe que se manifesten durante esta.
- ✗ Renuncia, atraso ou adianto voluntario, por parte do Asegurado, ao traslado sanitario proposto por BBVA Allianz Seguros e acordado polo seu servizo médico.
- ✗ As consecuencias derivadas da práctica de deportes de inverno e/ou a práctica de deportes en competición ou competición motorizada (carreira ou rally), así como a práctica de actividades perigosas ou de risco como poden ser boxeo, halterofilia, loita (nas súas distintas clases), artes marciais, alpinismo con acceso a glaciares e deslizamento en zorras, entre outras.
- ✗ Endodoncias, reconstruccións estéticas de tratamentos anteriores, próteses, fundas e implantes.

- ✗ Suicidio ou o seu intento, autolesións ou as enfermidades ou accidentes derivados do consumo de bebidas alcohólicas, estupefacientes, drogas ou medicamentos, a non ser que estes últimos fosen prescritos por un médico.
- ✗ Rescate de persoas en montaña, sima, mar ou deserto.
- ✗ Actos dolosos do contratante, Asegurado ou dos seus sucesores.
- ✗ O furto, o simple extravío, o diñeiro, as xoias, os documentos, o roubo de equipaxe ou obxectos persoais que se atopen en vehículos ou tendas de campaña.
- ✗ O traslado sanitario de enfermos ou feridos orixinado por afeccións ou lesións que poidan ser tratadas "in situ".
- ✗ Os gastos de gafas e lentes, así como a compra, implantación-substitución, extracción ou reparación de próteses, pezas anatómicas e ortopédicas de calquera tipo, tales como colariño.
- ✗ O pagamento sucesivo daqueles medicamentos ou gastos farmacéuticos que se deriven da prolongación no tempo do tratamento inicialmente prescrito, así como os relacionados con calquera proceso que adquira un carácter crónico.
- ✗ O reembolso dos gastos médicos, cirúrxicos e farmacéuticos cuxo importe sexa inferior a 50 €.

# Seguro Asistencia en Víaje

## Documento de información sobre o produto de seguro

**BBVA ALLIANZ SEGUROS Y REASEGUROS, S.A., con domicilio social en España  
(clave DGSFP C-0807)**

**Produto: Seguro de Viaje BBVA Allianz**

### Existen restricciones no que respecta á cobertura?



Resumimos as principais restriccións. Tes ao teu disprix a súa totalidade na Nota informativa e nas Condicóns Xerais.

- ! Debes ter o teu domicilio habitual en España.
- ! As garantías cesarán no momento que regreses ao teu domicilio habitual ou cando foses repatriado pola compañía ata o teu domicilio ou ata o centro hospitalario máis próximo a este.
- ! Para o reembolso de gastos sempre será necesaria a presentación das facturas orixinais correspondentes.
- ! No caso de traslado ou repatriación, só se terán en conta as esixencias de orde médica para elixir o medio de transporte e o hospital onde deberá ser ingresado o Asegurado.

- ! O límite de gastos médicos indicado no contrato (segundo a zona xeográfica cuberta) é o importe máximo cuberto por período contratado e para cada Asegurado, para esta cobertura.
- ! Os gastos odontolóxicos considerados de urxencia quedan cubertos dentro da contía indicada para a garantía de "Gastos médicos de urxencia" ata un máximo de 150 euros.
- ! Se te negas a ser trasladado no momento e coas condicións que determine o servizo médico da Compañía, suspenderanse automaticamente todas as garantías e gastos que se deban a esta decisión que tomaches.
- ! Para o reembolso de gastos sempre será necesaria a presentación das facturas orixinais correspondentes.
- ! Non queda incluída a asistencia naqueles países que aínda estando indicados no ámbito territorial contratado, durante o desprazamento se atopen en estado de guerra, insurrección ou conflitos bélicos de calquera clase ou natureza, aínda que non fosen declarados oficialmente. Neste caso reembolsaránseche os gastos cubertos no contrato previa presentación da factura orixinal dos gastos.

### Onde estou cuberto?



- ✓ En calquera país da zona xeográfica que contratas.
- ✓ Existen 3 zonas xeográficas: Europa, Mundo (agás EE.UU. e Canadá) e Todo o mundo.

### Cales son as miñas obrigas?



- Pagar o seguro
- Indicar correctamente os datos da viaxe: datas de inicio/fin da viaxe, países de destino, datos dos viaxeiros.
- Comprobar que os datos recollidos no contrato son correctos e, en caso negativo, comunicarollo inmediatamente a BBVA Allianz Seguros para a súa corrección.
- En caso que sufras un accidente ou unha enfermidade, comunicarollo á maior brevidade posible a BBVA Allianz Seguros.

### Cando e como teño que efectuar os pagamentos?



Realízase un único pagamento que se cargará na conta corrente que nos indiques.

### Cando comeza e finaliza a cobertura?



- O contrato é de duración temporal: entra en vigor na data de inicio da viaxe e finaliza na data de regreso, ambas as dúas indicadas nas Condicóns Particulares.
  - As garantías do contrato deixarán de ter efecto na data de fin indicada no contrato, unha vez a viaxe finalizase e regresases ao teu domicilio, ou cando foses repatriado por BBVA Allianz Seguros, ata o teu domicilio ou a un centro hospitalario próximo a este.

### Como podo desistir do contrato?



- Podes desistir do contrato durante os 14 días seguintes á data de contratación do seguro cando a duración do seguro sexa superior a 1 mes e os asegurados non fixesen uso das coberturas e/ou prestacións do contrato.
- Para desistir do contrato, o Tomador debe comunicarollo a BBVA Allianz Seguros mediante:
  - Chamada telefónica: 91 392 34 11 todos os días laborables de luns a venres de 8:00 horas a 18:00 horas.
  - Correo electrónico: [seguros@bbvaallianz.es](mailto:seguros@bbvaallianz.es).